



B A N D O

D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa do Concello de Vimianzo (A Coruña), ao amparo da atribución que me confire o artigo 21.1 e) e 84 da LBRL, así como as competencias contempladas no artigo 7 da Lei 3/2007 de 9 de abril,.

Poño en coñecemento para todas as veciñas e veciños:

1.- As veciñas e veciños do municipio de Vimianzo que desexe facer fogueiras na festividade de San Pedro en espazos privados deberán solicitar antes autorización no Concello

2.- Para outras datas non se outorgarán autorizacións para realización de fogueiras.

3.- O prazo de presentación das solicitudes de autorización no Concello será ata 13:00 horas do 29 de xuño.

4.- Deberanse tomar as seguintes medidas de prevención:

- - As persoas responsables teñen que ser maiores de idade.
- -As/os organizadores deberán coidar os arredores e coñecer os números de teléfono de Emerxencias: protección civil (112), policía local (617484852), garda civil. (981716022)
- - **Zona urbana:** O volume do combustible do lumeiro non sobre pasará os 3 m. de perímetro, nin 1m. de altura.
- -**Rural:** O volume do combustible do lumeiro non sobre pasará os 6 m. de perímetro/diámetro nin 3 m. de altura.
- - A separación entre os lumeiros, edificios, árbores, vehículos e mobiliario urbano serán como min. de 12 m., excepto no casco urbano.
- -Porase especial coidado de non situar baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como que nos arredores non exista ningún local no que se almacene produtos inflamables.
- - Proíbese a queima de neumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.
- - En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- - As organizacións atenderán as indicacións de Policía Local e dos Bombeiros.
- - Non se aproveitará cachela para queimar restos domésticos, agrícolas ou forestais.
- - Todas as medidas vixentes na data na que faga a cachela relativas a prevención do contaxio da pandemia do COVID-19

O Concello de Vimianzo, por iniciativa propia ou por instancia do Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais ou das autoridades sanitarias, poderá revogar a autorización que se dea nos casos nos que non sexa posible garantir as medidas de seguridade e de prevención de incendios.

A autorización dada non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos e perdas, que se produciran no caso que concorra negligencia ou imprudencia.

Para máis información poderán chamar ao nº 981716001, ext.:1218, ou achegarse polo Departamento de Promoción Económica

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez